


PUENTE

ROMANO

DE LUCA



JARDICE.

- Introducción
- Características
- Historia
- Interés artístico de Lugo
- Reflexión

Introducción.

A ponte romana de Lugo, tamén chamada ponte vella e de orixe romano, e sufriu varias reformas durante os séculos XII, XIV e XVIII. Foi construída polos romanos a comezos do século I para unir Lugo coa cidade de Bracara Augusta (hoxe denominada Braga-Portugal).

A ponte foi construída sobre o río Miño e encontrábase moi preto do balneario de augas termais, que data asimismo da época romana.

A ponte vella e xunto coa muralla (declarada Patrimonio da Humanidade) os monumentos romanos máis importantes da cidade de Lugo.

Características.

Trátase dunha estrutura feita a base de pedra e lousas, e máis recentemente engadíronse-lle unhas pasarelas metálicas. Ten unha lonxitude de 104 m e 4 m de largura, cruza o río Miño ao seu paso polo suroeste da cidade de Lugo, unindo a Calzada da Ponte coa estrada vella de Santiago.

E unha ponte feita en arco moi usada na construción de ponte e acueductos, polos romanos.

Historia

A ponte vella de Lugo foi deseñada e construída na época da romanización de Galicia, que é o proceso polo que os territorios conquistados polo Imperio Romano ían adaptando os costumes, técnicas, relixión e finalmente o idioma destes. Valeuse da vía número XIX do Itinerario de Antonino, que é un documento da Roma antiga no que aparecen recollidos os rúas do Imperio Romano.

Séculos máis tarde, na Idade Media baixa, sufriu restauracións de certa importancia en parte polo mal estado no que se encontraba e por outra as novas necesidades de transporte da época.

Novamente na Idade Moderna houbo que facer novas reparacións, finalmente no ano 1893 modificouse definitivamente o seu aspecto.

No ano 2009, foi restaurada e quedou para uso peonil, eliminándoselle as pasarelas metálicas e o asfalto, tratando de que se asecelle o máximo posible a como era en tempos dos Romanos.

Forma parte do Camiño Primitivo de Peregrinación a Santiago de Compostela.

Na ponte comenza tamén a ruta de senderismo coñecida popularmente co nome de "Paseo da Ponte Vella".

Interés artístico de Lugo

Lugo é unha cidade con espléndido pasado romano como se pode ver na muralla que rodea a cidade, as Termas ou a ponte romana. Tendo tamén unha catedral que goza do privilexio da exposición permanente do santísimo e a Virxe dos Ollos Grandes unha preciosa talla medieval de pedra policromada.

Reflexión

Creo que deberíamos de conservar máis o patrimonio. Porque é parte da nosa historia e cultura e axuda a manter vivas as tradicións, as paisaxes, a natureza etcetera.

Forma parte das nosas vidas e axudanos a entender como vivían as xentes antes de nosoutros e como queremos deixar as cousas para os que veñen despois.

~~Sara~~ Sara